



C O N C E L L O  
A G U A R D A

<b>ACTA Nº 13</b>	<b>PLENO DO CONCELLO</b>	
DATA DA SESIÓN: <b>22.12.2015</b>	CARACTER: <b>EXTRAORDINARIA</b>	CONVOCATORIA: <b>PRIMEIRA</b>
LUGAR: <b>SALÓN DE PLENOS</b>	HORA: <b>09:00 HORAS</b>	

<b>PRESIDE:</b> D. ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE	PsdeG-PSOE
--	------------

**ASISTENTES:**

D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D <sup>a</sup> . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRÍGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D <sup>a</sup> . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

NON ASISTE: JOSE CARLOS CASTRO MARTINEZ .

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTERVENTORA XERAL

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar do asunto que conforma a orde do día que foi legal e previamente notificado:

**PUNTO 1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACION INICIAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE Ó EXERCIZO 2016.**

**O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta da alcaldía:**

*“De conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:*



CONCELLO  
A GUARDA

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o Orzamento Consolidado do Concello de A Guarda para o exercicio económico do ano 2016 que ascende á cantidade de **SEIS MILLÓNS SEISCENTOS SESENTA E MIL NOVECENTOS EUROS (6.660.900,00 €)**, as súas bases de execución, o anexo de persoal, o anexo de inversións, e demais documentación engadida no expediente.

A aprobación do orzamento consolidado supón a aprobación do orzamento do Concello de A Guarda para o exercicio económico 2016 por importe de **SEIS MILLÓNS CATROCENTOS SETENTA E TRES MIL OITOCENTOS EUROS (6.473.800,00 €)** e a aprobación do orzamento do Padroado Municipal para o exercicio económico 2016 por importe de **CENTO OITENTA E SETE MIL CEN EUROS (187.100,00€)**.

A aprobación do orzamento do Concello de acordo co seguinte resumo:

ESTADO DE GASTOS

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS	CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CORRENTES</b>	
1	Gastos de Persoal	2.487.019,64	1	Impostos directos	1.501.674,87
2	Gastos en bens Correntes	2.943.942,53	2	Impostos indirect.	47.000,00
3	Gastos financeiros	6.700,00	3	Taxas	1.520.947,85
4	Transferencias Correntes	439.814,66	4	Transferencias Correntes	2.995.426,11
5			5	Ingresos patrimon.	22.740,00
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CAPITAL</b>	
6	Inversións Reais	436.023,17	6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	4.000,00	7	Transf. capital	380.011,17
8	Activos financeiros	6.000,00	8	Activos financeiros	6.000,00
9	Pasivos financeiros	150.300,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>6.473.800,00</b>		<b>TOTAL</b>	<b>6.473.800,00</b>

A aprobación do orzamento do Padroado de acordo con seguinte resumo:

ESTADO DE GASTOS

ESTADO DE INGRESOS



CONCELLO  
A GUARDA

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS	CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CORRENTES</b>	
1	Gastos de Persoal	89.103,85	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens Correntes	41.755,87	2	Impostos indirect.	0,00
3	Gastos financeiros	60,00	3	Taxas	186.500,00
4	Transferencias Correntes	18.726,76	4	Transferencias Correntes	0,00
5			5	Ingresos patrimon.	600,00
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CAPITAL</b>	
6	Inversións Reais	18.726,76	6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	18.726,76	7	Transf. capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>187.100,00</b>		<b>TOTAL</b>	<b>187.100,00</b>

**SEGUNDO:** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ó público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que durante o prazo de quince días hábiles, os interesados indicados no artigo 22.1 do R.D. 500/90 poderán examinalo e formular as reclamacións a que se refire o apartado 2 do artigo citado.

**TERCEIRO:** O Orzamento considerase definitivamente aprobado se durante o período citado non se presentaran reclamacións, entrando en vigor, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resume por capítulos do mesmo.

**CUARTO:** Remitir copia do Orzamento aprobado aos órganos competentes do Estado e Comunidade Autónoma.

A Guarda, a 11 de decembro de 2015  
O alcalde, Asdo. Antonio Lomba Baz"

**ABRESE O DEBATE**

A sra. Iglesias Ferreira di que non existe consenso respecto ó orzamento. Xa se viu na comisión de contas na que se produxo un acto lamentable, que non xustifica,



C O N C E L L O  
A G U A R D A

pero pide que por parte do equipo de goberno se lle respondan ós demais concelleiros ás preguntas que fan no exercizo das súas funcións.

Repite que non existe consenso. Di que na comisión de contas preguntou pola creación de prazas de persoal e non obtivo resposta. Entende que existe un exceso no gasto por productividades e que no seu lugar poderíanse cubrir outras prazas. Di que está en desacordo coa proposta económica do padroado. Considera que este orzamento conleva aprobación de modificacións de crédito para pagar algún servizo. Por último replícalle á Sr. Magallanes Alvarez e di que o Concello da Guarda non é un referente para o resto dos concellos.

O sr. Rodriguez Fariñas di que xa manifestou a súa opinión na Comisión de COntras. DI que algún documento que pediu non foi aportado, como é borrador da acta da mesa de negociación coas centrais sindicais. Di que hai cousas neste orzamento que non son lóxicas. Remata dicindo que non houbo consenso e que como estes orzamentos son exclusivos do equipo de goberno eles non os van a aprobar.

O sr. Baz Vicente di que vai argumentar o voto en contra a estes orzamentos para o ano 2016. Di que non parece lóxico que se presenten os orzamentos a 9 días de iniciar o ano, algo que ven sendo habitual por parte dos gobernos do PSOE ao longo de todas as lexislaturas. Xa saben a situación de persoal do departamento económico pero son demasiados anos con desculpas e xa toca poñer solucións.

Considera que estes non son os orzamentos do BNG, polo que tampouco se ven na responsabilidade de ter que apoialos.

Fala da falta de criterio que existe por parte deste goberno para a concesión das produtividades aos diferentes traballadores e traballadoras deste concello, algo que advirte a propia interventora no seu informe. Seguindo co tema do persoal, non hai previsto por ningures (na memoria da alcaldía non aparece) intención de cubrir as vacantes que hai de persoal aínda que hai **un acordo plenario derivado dunha moción do BNG de cubrir as de policía local. Ademais non ven** partida para a mellora das traballadoras auxiliares a domicilio, que non é que sexan moi ben tratadas tendo incluso que poñer o seu vehículo para traballar cunhas dietas por desprazamento que non compensan. Tamén está a ocorrer con outras traballadores do concello polo que teñen que poñerse a traballar para tratar de mellorar a situación laboral. Finalmente neste tema di que tampouco ven ningún tipo de contratación a maiores tan necesaria como un auxiliar para o electricista do concello que está a traballar nunhas condicións precarias.

En canto a partida para **mantemento do alumeado público parece insuficiente** tal e como se pode ver os **apagóns** que hai ao longo do ano en diferentes puntos do concello (10.000 €) e isto ten moito que ver co dito antes na contratación de persoal. Dende o BNG entenden que o goberno tense que implicar máis neste tema.



C O N C E L L O  
A G U A R D A

O Concello sigue a realizar o **mantemento do Centro de Saúde**, cando hai anos que dende o BNG levan reclamando que se lle transfira á Xunta como xa se fixo noutros concellos, dado que isto está a suporlle un gasto importante ao noso .

FAlando de infraestruturas municipais, consideran que 21.508 € é claramente insuficiente para a praza de abastos. No BNG están por outro modelo.

Siguen sin ver a **partida específica para “emerxencia social”** aprobada en pleno por unha moción do BNG xa hai bastantes anos e que seguen sen cumprir dito acordo. Seguindo coa política social, non hai partida de axuda a libros e material escolar, non soamente hai que premiar os mellores expedientes, hai que equilibrar necesidades.

En canto as partidas para **fomento de emprego 0 €**, o que se gasta é para pagar dous técnicos.

Non hai partida para un **plan de tráfico**, outra das medidas que leva reclamando o BNG e o pobo da Guarda coa negativa ano tras ano do grupo de goberno.

Non se ve partida para o **proxecto de arranxo da rampla do Pirún**.

Seguen sen aclarar os gastos e os ingresos de Protección Civil e do G.E.S. Non se sabe que gastos xera Protección Civil e que ingresos e en virtude de que criterio se reciben eses ingresos, cando non son capaces de aclarar a actividade da propia Protección Civil, claramente diferenciada do G.E.S.

Non hai partida para os actos sobre o Día de Rosalía, despois de que tras moitos anos o PSOE aceptase a moción do BNG. Non hai nin un só euro para normalización lingüística, algo que para o BNG é de suma importancia.

En canto a campaña de Nadal di que mellor non dicir nada, **30.000 €**, que coa folla do Atlántico xa chega, na que se pode ver unha noticia sobre a praza de Tomiño que evidencia dinamismo, actividade e pola contra unha noticia sobre a suspensión dunha actividade de nadal na Guarda; soamente hai que ver a praza de Tomiño chea de xente da Guarda.

En canto ao PXOU hai unha partida de apenas 10.000 €, o cal xa di cales son as intencións do grupo de goberno, despois de intentar botar ao pobo enriba da oposición.

Non se contempla nada para a accesibilidade.

Finalmente di que o BNG ten na cabeza outro modelo de concello, outro xeito de gobernar, para o cal tamén hai outro xeito de plasmalo nos orzamentos. Polo tanto votarán en **contra**.



**C O N C E L L O**  
**A G U A R D A**

A sra. Ortega Martinez fai as seguintes preguntas:

1.- Nos orzamentos non aparece o total da subvención da Diputación. No aparece e liña 1; ¿Por qué?, Di que non comparten os criterios de reparto da subvención. En todo caso ¿non se podería facer unha modificación entre gasto corrente e de capital, se fixese falta nestes 3 meses que hai de marxe para decidilo?

2.- Subvencións nominativas: di que algunhas asociacións deportivas teñen incrementos e outras non, Di que queren coñecer os baremos que se aplican. Haberá que actualizar esta cuestión.

3.- A apertura de tantas contas parecelle esaxerado aínda que entende que teña unha explicación técnica. Isto convirte o orzamento en indefinido.

4.- Pregunta polos baremos ou criterios que se aplican para o pago de productividades. Salvo casos excepcionales como o secretario accidental, debería haber un baremo, e o único obxecto é que ningún funcionario se quede sin a súa gratificación, nin que ningún reciba a que no lle corresponde a él.

5- Plan de inversións plurianuais: no que se refire ó pxom, única inversión, parécelles insuficiente. O seu grupo pensa que hai necesidade de buscar a outra empresa á maior celeridade posible e con publicidade.

6.- O programa 135 sigue sendo PROTECCION CIVIL, non menciona o GES, cando polas contías está claro que se trata do Grupo de Emerxencias Supramunicipal. Nos gustaría coñecer se isto é así.

7.-En urbanismo, programa 151 capítulo 2 hai unha partida de 49.000 euros e outra de 14.000 para empresas exteriores: refírense ós asesores urbanísticos?

8.- Recóllese no programa 163 o aprobado na moción sobre mellora na limpeza de contenedores?

9.- Aprobouse unha moción para mellorar as duchas e baños no verán, por exemplo na praia do Cangrexal: está incluído en algún programa?

10- Non se atopan dotacións para as subvencións a deportistas individuais.

11.- Dos 33.800 euros presupuestado para as festas da Nadal: que parte lle corresponde ás luces?

12.- En que programa está a partida de cofinanciación do arranxo do pavillón de Solanas? É necesaria para asinar o convenio coa Xunta de Galicia.

13.- Respecto das novas prazas de Policía Local: está previsto que se produza un aumento de plantilla para cubrir os fins de semana?

14.- No capítulo 2 aumentan en 242.687, es decir un 8,9%. Nos poderían relacionar en que son as maiores partidas de incremento de gasto? Na memoria dise que se garantizan os servizos, pero nos gustaría coñecer cales son as partidas que se incrementan.

15.- Aprobouse no pleno de xullo unha proposta de cobrar os servizos do GES; nos orzamentos non está na memoria de ingresos.



C O N C E L L O  
A G U A R D A

16.- Na memoria de ingresos non se ten en conta a regularización do IBI, cuio traballo de campo xa se está elaborando.

17.- Axústase o orzamento ó convenio do GES que se vai asinar entre Fegamp e Consellería de Presidencia?

18.- O programa 432 é de promoción turística dotado con 64806 euros. As partidas máis significativas son a publicidade (23.000 euros) e as actividades (15.000 euros): con que criterios se contrata a publicidade? Está prevista unha partida para por fin ter unha mesa de turismo onde os que asesoren son os que saben?

A sra. Magallanes Alvarez di que se pretendeu chegar a un consenso cos partido da oposición. Sinala que o orzamento de 2016 pretende garantir e extender os servizos públicos esenciais da cidadanía. Tamén contempla unha preocupación polo asunto da creación de emprego, por eso se realiza un esforzo para mellorar a formación académica dos veciños e consecuentemente a empregabilidade.

Considera que se contempla tamén o mantemento das instalacións deportivas e de todos aqueles elementos relacionados co deporte para potenciar especialmente o deporte base. Preténdese a dinamización da cultura e do turismo. Por eso o equipo de goberno vai traballar nestas tres áreas: cultura, turismo e deporte.

DI que os orzamentos recollen o servizo de emerxencias.

O IBI regularízase polo traballo de campo que se está a facer.

Recóllense no orzamento os compromisos adquiridos polo equipo de goberno estes anos no plenario (por exemplo, becas para deportistas individuais).

Aclara que a apertura de tantas partidas ten unha finalidade técnica relacionada coa remisión ó Ministerio do custe efectivo dos servizos.

Non se recollen no orzamento os ingresos futuros que non son seguros.

DI que non se incorpora a liña 1 do Plan de Cooperación da Deputación de Pontevedra porque aínda están sin determinar os proxectos concretos.

O sr. Baz Vicente di que non ve partida para algunhas festas gastronómicas.

A sra. Ortega Martinez explica por qué votar non a estes orzamentos:

1. Piden que se entreguen os orzamentos con maior antelación
2. Non hai previsión de ingresos por servizos do GES que se tratou nunha moción aprobada en xullo. DI que foi a súa primeira proposta e que sería incoherente votar favorablemente a uns orzamentos que non recollen este asunto.



C O N C E L L O  
A G U A R D A

3. A falta de concreción do que de verdade se vai invertir e no que se vai gastar, dificultalles apoiar estes orzamentos. Considera que con tanta partida aberta, que despois se supera, se transfere etc... ó final as liñas xerais do orzamento se desdibuxan, y non se sabe en realidade o que se está aprobando.
4. Apróbanse mocións que despois non aparecena reflexadas no orzamento. Apoian a cobertura de prazas de Policía Local aínda que lles gustaría outro tipo de turmos e que se asine o Convenio con PORTOS para que poidan actuar alí
5. Non lles gusta que haxa tantos reparos suspensivos e non suspensivos.

Non van a apoiar estes orzamentos pero di que estarán dispostos para dialogar de cara a outros futuros

O sr. Español Otero puntualiza que non se pode incluír na liña 1 do Plan de Cooperación da Deputación a compra de terreos. DI que a rampa da Area Grande executouna Costas de Estado e que a rampa do Pirún está contemplada e que se está elaborando o proxecto. Respecto da Casa de Oficios di que se está a traballar para regularizar a situación respecto da súa propiedade.

A sra. Magallanes Álvarez lamenta a posición do resto da corporación e agarda que noutro momento "os ventos sexan máis favorables".

O sr. Baz Vicente di que hai que contemplar nos orzamentos actuacións para a accesibilidade e que, si despois veñen subvencións para elo, mellor. Considera que deixar na súa bandexa un CD cos orzamentos con tres días de antelación á comisión de asuntos económicos non é facilitar a participación dos demais grupos, que o que hai que facer é chamar ós grupos e sentarse a falar.

### **VOTACION.**

Sometida a votación a proposta **obtivo ós VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (**7 votos a favor**) e os **VOTOS EN CONTRA** dos Sres/as Ortega Martínez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (**9 votos en contra**), **polo que dita proposta non prospera**





CONCELLO  
A GUARDA

## **PUNTO 2.- DAR CONTA DOS REPAROS DE INTERVENCIÓN DO ANO 2014.**

O Concelleiros din que dan por enterados e prodúcense as seguintes intervencións.

O Sr. Rodriguez Fariñas pide que se aclare a interpretación sobre se un reparo é suspensivo ou non suspensivo. Considera que cando un fai un servizo ten dereito a cobrar pero tamén é certo que quen o contrata ten que axustarse a legalidade e que se aproban recoñecementos extraxudiciais con toda a boa intención de pagar un servizo que teñen reparos suspensivos. Pide que a interventora aclare a diferenza entre reparos suspensivos e non suspensivos.

O Alcalde responde que a interventora responderá por escrito.

O sr. Rodriguez Fariñas pide que ese informe se reciba en poucos días.

A sra. Ortega Martinez pide que se faga algo respecto das productividades e gratificacións.

E non habendo mais asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión as 09:50 minutos do día da data da que eu como secretario dou fe.